

INSTRUCCIÓN 1/2025 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA A XUSTIFICACIÓN DE GASTOS SUBVENCIONABLES AO AMPARO DAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS E OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO NAS UNIVERSIDADES PÚBLICAS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

En relación coas axudas outorgadas ás universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento, no uso das competencias que teño atribuídas como secretario xeral de universidades, dito a seguinte instrución:

1 Na documentación xustificativa do gasto que se presente para o libramento da subvención deberán especificarse os epígrafes dos conceptos subvencionables que figuren na correspondente convocatoria. Os importes xustificados deberán vir asociados exclusivamente a eses epígrafes.

2 Nos conceptos subvencionables relacionados cos membros do grupo admitiranse como gastos subvencionables unicamente os de aqueles membros que figuren relacionados no certificado de composición do grupo, ou no certificado das variacións na composición do grupo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O secretario xeral de Universidades
José Alberto Díez de Castro

